

Sala de exposicións

De luns a venres de 17:30h a 21:00h

- *A violencia sexual na mocidade. Infórmate. Do 12 ao 30 de setembro de 2016*
- *Mostra de traballos realizados polas alumnas do obradoiro de pintura da Casa das Mulleres. Do 7 ao 21 de outubro de 2016*
- *Vida dunha graffiteira viguesa: SAX. Do 25 outubro ao 10 novembro*
- *Exposición de traballos realizados polo alumnado vigués para o "Enlaza Vigo contra a violencia de xénero 2015". Do 15 ao 30 de novembro de 2016*
- *Exposición anual de pintura do Colectivo Xuntanza. Do 1 ao 20 decembro de 2016*

Centro de Documentación e Recursos Feministas

*Biblioteca Juan Compañel - R/ Joaquín Yáñez 6, 2º andar - 36202 Vigo - T. 986 229 074
centro.documentacion.feminista@vigo.org*

Todas as actividades do Centro de Documentación e Recursos Feministas teñen a entrada libre ata completar a capacidade.

O CENTRO DE DOCUMENTACIÓN E RECURSOS FEMINISTAS, dependente da Concellería de Igualdade, é un servizo de xestión de información, documentación e materiais de traballo sobre muller, xénero e igualdade dirixido ao público en xeral ou a persoal especializado e interesado nas citadas temáticas.

Servizos: consulta en sala, préstamo a domicilio, asesoramento documental, actividades de extensión cultural...

Horario: luns e venres de 11:00h a 13:00h / martes, mércores e xoves de 16:30h a 20:30h /
Xullo: luns a venres de 10:30 a 13:30 horas / Agosto: pechado

Casa das Mulleres

R/ Romil, 20 - 36202 Vigo - T. 986 442 194 - Fax 986 442 195 - casadasmulleres@vigo.org

Nas actividades que se requira inscrición previa, darase prioridade ás mulleres empadroadas en Vigo e esta realizarase na Concellería de Igualdade: 1ª planta do Concello de Vigo, de luns a venres de 9:00h a 13:30h ou a través do teléfono 986 810 284

A CASA DAS MULLERES é un servizo adscrito á Concellería de Igualdade, aberto ás iniciativas e intereses das mulleres da cidade e das asociacións e colectivos que as representan.

CASA DAS MULLERES: **Horario:** luns a venres de 17:30h a 21:00h

CONCELLO
DE VIGO



Programa de actividades

*Centro de Documentación
e Recursos Feministas*

Casa das Mulleres

Setembro / decembro 2016



Presentación de libros

Mércores, 5 de outubro ás 19:00 h

"Letras escarlata. Estudos sobre a representación da menstruación".

Teresa Bermúdez Montes, Mónica Heloane Carvalho de Sant'Anna (eds.). Frank&Timme, 2016

Mércores, 19 de outubro ás 19:00 h

"Nadie muere la víspera". Stella Estrada. El cercano, 2016

Mércores, 2 de novembro ás 19:00 h

"La dama de las sombras". Xavier Seoane. Reino de Cordelia, 2016

Martes, 8 de novembro ás 19:00 h

"O tempo das mareas. María Casares e Galicia". María Lopo. Consello da Cultura Galega, 2016

Faladoiros

Martes, 27 de setembro ás 19:00 h... Tese de doutoramento

"Mulleres pianistas de Vigo. Do salón aristocrático á Idade de Prata (1857-1936). Sofia Novoa"

Con... Carmen Losada Gallego

Xoves, 13 de outubro ás 19:00 h... Libro

"Sobre huellas de gigantes"

Con: Chus Lago Rey

Xoves, 17 de novembro ás 19:30 h... Documental

"120 aniversario das irmás Fernández de la Vega"

Con... Anxela Bugallo Rodríguez

Cafés literarios do Club de lectura

Data	Relatora	Libro/autoría
Mércores, 28 setembro. De 18:00h a 20:00h	Ana Bande	"Teresa" de Rosa Chacel
Mércores, 26 outubro. De 18:00h a 20:00h	Elena Rguez	"Travesuras de la niña mala" de M.Vargas Llosa
Mércores, 30 novembro. De 18:00h a 20:00h	Maite Pena	"A flor de piel" de Javier Moro

Obradoiros

Inscripción previa desde o día **16 de setembro** e ata cubrir prazas na Concellería de Igualdade, 1.ª planta da Casa do Concello de 9:00 a 13:30 h, ou ben a través do T. 986 810 284, en horario de 8:00 a 15:00 h.

Lugar de realización dos obradoiros: Casa das Mulleres, rúa Romil 20.

Dirixidos a mulleres maiores de 18 anos.

"OBRADOIRO DE ESCRITURA: ESCRIBIR A NOSA HISTORIA" (Iniciación)

Obxectivos: propiciar a visibilidade do colectivo de mulleres/favorecer o empoderamento da nosa expresión e o recoñecemento das mulleres como protagonistas/fortalecer a súa identidade.

Imparte: Graciela Baquero Ruibal / **Dirixido a** mulleres / **Período e horarios:** venres desde o **30 de setembro ao 23 de decembro** de 18:00 a 20:30 h (total: 13 sesións; 32,5 horas). **Contidos:** a actitude creativa. Técnicas de desbloqueo / Como percibimos / O ritmo na escritura / Argumento, trama e estrutura dunha historia / Quen escribe? Tipo de narradoras e narradores / Os poboadores e poboadoras do pasado / A paisaxe dos nosos records/ O subconsciente e os sonhos / O monólogo interior e outras formas de contar / Ten que parecer verdade.

"OBRADOIRO DE ESCRITURA: ESCRIBIR A NOSA HISTORIA" (Perfeccionamento)

Obxectivos: Completar o proceso de empoderamento das mulleres dando máis ferramentas para enfrontarse á súa propia creatividade / Propiciar forza e liberdade para que as participantes deseñen xuntas ou individualmente, os seus propios proxectos literarios.

Imparte: Graciela Baquero Ruibal / **Dirixido a** aquelas alumnas que teñan realizado o nivel de iniciación / **Período e horarios:** xoves desde o **29 de setembro ao 22 de decembro** de 18:00 a 20:30 h (total: 12 sesións; 30 horas). **Contidos:** A construción da escena / Formas de comezar un relato / Os desenlaces / O ton e a atmosfera / Os puntos de xiro / As personaxes imaxinarias / A hipérbole / A metáfora de situación / Romper as formas / Literatura e compromiso.

"OBRADOIRO: GRAFFITI: TÉCNICAS BÁSICAS"

Obxectivos: proporcionar os coñecementos básicos para chegar a planificar e executar as distintas fases qque leva consigo un proxecto de pintura con graffiti.

Imparte: Silvia Rodríguez (Sax) / **Dirixido a** mulleres / **Período e horarios:** luns e mércores desde o **10 ao 31 de outubro** de 19:00 a 20:30 h (sesións teóricas). Ademais, realizaranse 4 sesións prácticas de 4 horas de duración aproximada cada unha en datas e lugares que determinará a organización (total: 10 sesións; 25 horas) / **Contidos:** Iniciación e aprendizaxe de técnicas básicas do graffiti / Debuxo de bocetos / Iniciación ao *spray* (manexo do bote, presión, distintas técnicas e bocas) / trasladar á parede os bocetos de maneira proporcionada.

"OBRADOIRO: CLAVES PARA O EMPODERAMENTO E A PARTICIPACIÓN DAS MULLERES"

Obxectivos: analizar a orixe e as consecuencias das desigualdades existentes entre homes e mulleres. Definir a autoestima e o autoconcepto e analizar como o xénero inflúe na formación do noso autoconcepto e interfire na autoestima das mulleres. Fomentar a participación socio-política das mulleres: o empoderamento.

Imparte: Cristina Rodríguez Ramos. / **Dirixido a** homes e mulleres / **Período e horarios:** martes desde o **4 de outubro ao 20 de decembro** de 19:00 a 21:00 h (total: 10 sesións; 20 horas) / **Contidos:** O sistema sexo-xénero e as súas consecuencias/ Autoestima e autoconcepto/ Resolución de conflitos/ Emporamento e participación cidadá/ Técnicas para falar en público.